

INT/2026/000322

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de maio de 2026, o expediente **Nº 01/CF/2026** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo concertadas nos exercicios 2024 e 2025 por importe de **942.423,66€**, coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; o expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario **Nº 01/CE/2026** por importe de **542.423,66€**, así como o expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito **Nº 01/SC/2026** por importe de **150.000,00€**, financiados con baixas de créditos existentes nos Anexos de Investimento dos exercicio 2024 para atender os gastos derivados dos seguintes expedientes de gasto:

APLICACIÓN		PROX	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1530	61900	2026 2 EDIL 4	HUMANIZACIÓN RÚA ADUANA E CRUZ	480.000,00 €
1722	60900	2025 2 PREST 2	PRAIAS VILAGARCÍA	250.000,00 €
1530	61900	2024 2 PREST 16	MELLORA ACCESIBILIDADE E REFORMA RÚA SAN ROQUE	150.000,00 €
334	63200	2026 2 PREST 1	RESTAURACIÓN AUDITORIO	62.423,66 €
				942.423,66 €

En cumprimento do disposto nos artigos 169.1 e 177.2 do Real Decreto Lei 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención deste Concello, por prazo de quince días hábiles que comezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante o mesmo, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente desta Corporación.

De non presentarse reclamacións durante o período sinalado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, en virtude do disposto nos artigos 177.2 en relación co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 38.2 en relación co 20.1 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

En Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

Alberto Varela Paz

